

O pontevedrés Eduardo Santiago gaña un premio Xerais con 'O gran reino'

► María Reimóndez é galardoada por 'Dende o conflito' e Leticia Costas por 'Escarlatina. A cociñeira defunta'

PONTEVEDRA. O pontevedrés Eduardo Santiago, a luguesa María Reimóndez e a viguesa Leticia Costas son os gañadores dos premios Xerais 2014, que onte pola tarde se fallaron na illa de San Simón, en Redondela, e que están dotados con 10.000 euros cada un.

María Reimóndez (Lugo, 1975), coa súa obra 'Dende o conflito', foi seleccionada polo xurado como a gañadora da XXXI edición do premio Xerais de novela.

Leticia Costas (Vigo, 1979) recibiu o premio Merlín de Literatura Infantil, que celebra a súa XXIX edición, pola súa obra 'Escarlatina. A cociñeira defunta'; mentres que Eduardo Santiago (Pontevedra, 1964) resultou gañador coa súa obra 'O gran reino' do Premio Jules Verne de Literatura Infantil, que celebra a súa sexta edición.

O acto, unha gala literaria e musical, desenvolveuse no auditorio da Illa de San Simón e contou coa asistencia dunhas trescentas persoas.

O xurado salientou que a obra de Eduardo Santiago «mestura capítulos da realidade literaria cos fantasiados polo seu protagonista nos momentos de vulnerabilidade». «As entradas e saídas nese mundo fantástico creado pola protagonista conceden aos lectores un respiro na intensa narración



Eduardo Santiago, María Reimóndez e Leticia Costas, onte na illa de San Simón.

dunha vida adolescente marcada pola anorexia, a loucura e a falta de cariño dos pais», asegura Xerais na nota de prensa difundida onte.

Santiago ten publicado dúas

novelas de ficción científica nas que salienta o papel fundamental da muller como motor do cambio político e social: '2044' (2011) e 'A teoría do tempo imaxinario' (2013).

Respecto á obra de Reimóndez, o xurado destaca que é unha novela sobre o periodismo, sobre a guerra, sobre o abismo entre o norte e o sur, sobre a pobreza, sobre a fame, a miseria e a mar-

xinación.

Pero, «moi especialmente, é unha novela sobre os afectos, sobre o valor da amizade, do amor, da diversidade e a contradición dos sentimentos».

Por último, sobre a obra de Costas, gañadora do premio Merlín de literatura infantil nesta edición, o xurado apuntou que supón «un singular recetario para criaturas do inframundo, toda unha exquisitez literaria, elaborado con esmero na súa cociña creativa, a partir dunha receita na que todos os seus compoñentes e procedementos foron coidadosamente meditados e que dá como resultado unha narración que ofrece múltiples posibilidades culinarias».

O tradutor Xavier Senín, que actuou como condutor da reunión, recordou no seu discurso, 'Agasallar palabras', as referencias que Julio Verne no seu libro 'Vinte mil leguas de viaxe submarina' fai ás augas da ría de Vigo, «impregnadas de luz eléctrica».

Senín reivindicou o pracer da lectura e recordou os primeiros autores que o marcaron e cargou contra os recortes en bibliotecas, xa que estes centros actúan como «a gran niveladora social polo seu carácter gratuito e universal, que forma parte da súa esencia tanto como o saber que atesouran».